

Compostela, H - V - 59

fr. Don Luis Seoane  
B. Aires.

Meu querido Seoane:

Recibín, hai tempo, o teu fermoso álbum "Doce cabezas". Gostei moito del. Mellor dito: gusto del moitas veces, pois cada vez que o amostro a algún amigo teño ocasión de gozar de novo na súa contemplación. ¡Cánto me alegraría de poder corresponder de algún xeito os teus valiosos e xenerosos envíos! Naturalmente, quixera corresponder con algo persoal que poidese merecer o teu agrado. Confío en que poderán facelo.

Nestes días andan por aquí os meus amigos Bardem e Muñoz Suay (contra o que algúns pensen, eu teño moitos amigos no campo "progresista"), pois vinéron a

filmar unha película baseada nas "Sonatas" de Valle-Inclán  
(na de Estío e máis na de Outono). Ceamos xuntos algunha vez.  
Falamos de ti, pois Muñoz tiña recibido "Le Soldadera", enviada  
por Alberti, que é vello amigo seu.

Por Paco e máis por Domingo vou sabendo dos teus trunfos  
e proxeitos. Zamen, moitas veces, por amigos de ahí que venan  
ou pasan por aquí. Por outra banda, a continua expansión de  
tua admirábel forza de creación vai consolidando e univer-  
salizando a presenza de tua personalidade espiritual. Isto é  
evidente. E eu sinto unha íntima e fonda ledicia ó comprobalo.  
Unha aperta moi forte e a devota admiración de

Ramón Piñeiro

---